



## **Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos.**

I. O 21 de xullo de 2015, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas da contratación administrativa para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 100.000,00 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas foron publicados no BOPG núm. 498, de 23 de xullo de 2015. O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 153, de 13 de agosto de 2015.

II. Rematado o prazo constatouse a presentación das seguintes proposicións:

- Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.
- UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.

A Mesa de contratación procedeu ao estudo da documentación presentada polas entidades nos sobres "A", resultando que foron admitidas a participar na contratación todas as entidades licitadoras concorrentes.

III. En sesión pública celebrada o 14 de setembro se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión das ofertas presentadas e procedeuse á apertura dos sobres "B" das entidades concorrentes, que foron trasladados ao Servizo de Régime Interior para a súa valoración e puntuación.

Segundo o informe, se constatou que a UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982 ofrecía no sobre "B" unha bolsa de 150 horas para mellorar diversos aspectos do servizo, oferta que tería que haberse incluído no sobre C, ao ser un dos criterios cuantificables mediante aplicación de fórmulas, podendo esta circunstancia ser, ao tenor dos pregos, motivo de exclusión.

Ao respecto a Mesa de Contratación entendeu que, á vista das circunstancias concorrentes e da xurisprudencia e antecedentes analizados, debíase non excluír á UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982, ao entender que a inclusión da dita información no sobre B non tivo influencia na avaliación realizada polos técnicos nin conculcou a obxectividade da valoración nin o principio de igualdade de trato, e non sendo suficiente a dita información para determinar automaticamente a súa exclusión. En todo caso, este aspecto non foi avaliado nin puntuado.

En sesión pública celebrada o 8 de outubro, a Mesa de contratación comunicou a puntuación obtida polas entidades segundo a avaliación dos criterios sometidos a xuízos de valor, que foi a seguinte:

ENTIDADE	Puntuación
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	13
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	21



Posteriormente procedeuse á apertura dos sobreos C. As ofertas presentadas polas entidades licitadoras foron as seguintes:

<b>Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia</b>	
1. Sesión plenaria ou acto de dous días de duración	
Prezo	2.031,89 €
IVE	
2. Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración	
Prezo	1.381,89 €
IVE	
3. Sesión plenaria ou acto dun día de duración	
Prezo	885,54 €
IVE	
4. Sesión plenaria ou acto de medio día de duración	
Prezo	442,77 €
IVE	
Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias	50 horas

Segundo accredita a entidade mediante Acordo da Dependencia Provincial de Xestión da Coruña da Agencia Tributaria, goza da exención do IVE establecida no artigo 20.uno.12º da Lei 37/2012, de 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

<b>UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982</b>	
1. Sesión plenaria ou acto de dous días de duración	
Prezo	2.044,22 €
IVE	429,29 €
2. Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración	
Prezo	1.502,05 €
IVE	315,43 €
3. Sesión plenaria ou acto dun día de duración	
Prezo	995,88 €
IVE	209,13 €
4. Sesión plenaria ou acto de medio día de duración	
Prezo	485,49 €
IVE	101,95 €

A Mesa de contratación comprobou que, ao abeiro do prego de cláusulas administrativas, non existían ofertas con baixas anormais, polo que procedeu ao cálculo da puntuación obtida polas entidades en base aos criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas que, sumadas ás obtidas segundo os criterios cuantificación depende de xuízo de valor, determinou a atribución da seguinte puntuación total:



ENTIDADE	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios disponibles de forma automática por aplicación de fórmulas		PUNTUACIÓN TOTAL
		Prezo	Bolsa horas	
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	13,00	43,57	0	<b>56,57</b>
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	21,00	60,00	10,00	<b>91,00</b>

**IV.** Á vista das puntuacións obtidas a Mesa do Parlamento, logo da proposta de Mesa de Contratación, e previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou clasificar as entidades concorrentes na seguinte orde:

- 1º Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.
- 2º UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.

Polo tanto, acordou requirirlle a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia que presentara, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requerimento, a documentación esixida no apartado 7 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adjudicación do contrato. Dito Acordo foi notificado electrónicamente e recibido pola entidade o 27 de outubro de 2015.

**V.** O 6 de novembro Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia presentou no Rregistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nº 43454), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval nº 08124-00683 de Banco Pastor, S.A. por importe de 2.500,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, proponse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:

- Adxudicar o contrato administrativo para a prestación do servizo de prevención alleo á entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, polos seguintes importes:

- Sesión plenaria ou acto de dous días de duración.

Prezo sesión: ..... **2.031,89 €**

- Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración.

Prezo sesión: ..... **1.381,89 €**

- Sesión plenaria ou acto dun día de duración.

Prezo sesión: ..... **885,54 €**




- Sesión plenaria ou acto de medio día de duración.

Prezo sesión: ..... 442,77 €

- Bolsa de horas: ..... 50 horas

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2015.

  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior  
Vº e prace

  
Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Régime Interior  
